

CONCELLO DE CABANAS  
RÚA DO CONCELLO 22  
15621 – CABANAS - CORUÑA (A)

Expediente nº: IF204A/AC/2023/0197

Asunto: **Resolución de autorización na zona de dominio público e/ou nas zonas de protección da estrada AC-122**

Solicitante: CONCELLO DE CABANAS

Obras, instalacións ou realización de actividades para as que se solicita a autorización:  
Pavimentación de viais municipais con afección a dominio público viario (no Camiño da Costa)

Concello: CABANAS

Estrada: AC-122

PQ inicio: 1+480 PQ fin:

Referencia catastral:

Marxe, no sentido de avance da quilometraxe: Esquerda

## ANTECEDENTES

1. O 06/02/2023 recibíuse neste servizo a solicitude de CONCELLO DE CABANAS, no que solicitaba a autorización para Pavimentación de viais municipais con afección a dominio público viario.
2. Con data do 22/02/2023 o equipo de vixilancia de explotación emitiu un informe de campo tras visita ao lugar da solicitude.
3. O 09/08/2023 o enxeñeiro facultativo deste servizo emitiu un informe sobre a solicitude presentada.

## NORMATIVA APLICABLE

1. Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia (DOG 12/07/2013).





2. Decreto 66/2016, do 16 de maio polo que se aproba o regulamento xeral de estradas de Galicia (DOG 20/06/2016).
3. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE 02/10/2015).
4. Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público. (BOE 02/10/2015).
5. Orde do 6 de abril de 2014 pola que se aproba a norma 8.1-IC Sinalización vertical.
6. Orde do 16 de Xullo de 1987 pola que se aproba a norma 8.2-IC Marcas Viarias.
7. Orde do 31 de agosto de 1987 pola que se aproba a norma 8.3-IC Sinalización de obra.

## CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. De acordo co artigo 47.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, a execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade na zona de dominio público da estrada ou nas súas zonas de protección está suxeita ao deber de obter a correspondente autorización previa.
2. O obxecto da solicitude presentada cumpre co sinalado na Lei 8/2013, do 28 de xuño de estradas de Galicia e o seu regulamento, segundo o informe técnico do enxeñeiro facultativo de data 09/08/2023.
3. O artigo 7 da LEG indica que para os efectos desta lei, considérase treito urbano dunha estrada aquel que discorre por solo clasificado polo correspondente instrumento de planeamento urbanístico como urbano ou de núcleo rural cando, neste último caso, conte con aliñacións marcadas no antedito instrumento e aquel fose sometido a informe favorable, conforme esta lei, pola administración titular da estrada. O artigo 13 do REG define os treitos urbanos de estradas.
4. O treito afectado pola presente solicitude ten a cualificación de urbano.
5. O artigo 43.1 da LEG regula os usos autorizables na explanación da estrada e na dos seus elementos funcionais. En particular, permite autorizar:
  - f) Elementos, obras, actuacións e instalacións necesarios para que as administracións públicas poidan exercer as súas competencias, cando pola súa natureza ou funcionalidade non poidan ter outra colocación.
6. O artigo 43.2 da LEG regula os usos autorizables na zona de dominio público adxacente. En particular permite autorizar:



- a) Usos autorizables na explanación da estrada e na dos seus elementos funcionais.
7. O artigo 138 do REG regula los elementos, obras, actuacións e instalacións necesarios para que as administracións públicas podan exercer as súas competencias fóra da calzada e das beiravías.
8. A actuación afecta ao dominio público viario.

De acordo co indicado, **RESOLVO:**

Autorizar a CONCELLO DE CABANAS no que respecta á competencia sectorial en materia de estradas, a execución das obras de Pavimentación de viais municipais con afección a dominio público viario no P.Q 1+480 da estrada AC-122 no concello de CABANAS.

Exixir á empresa adjudicataria das obras a constitución dunha garantía de novecentos (900,00 €) euros que responda dos potenciais danos ou perdas que se poidan provocar ao dominio público viario, conforme ao artigo 51 da LEG e 119 do REG. Esta garantía deberá depositarse na caixa xeral de depósitos da Axencia Tributaria de Galicia, a favor da Axencia Galega de Infraestruturas. A autorización carecerá de validez se a empresa adjudicataria das obras non acredita perante este servizo provincial o xustificante de ter presentado o depósito da garantía. O prazo de garantía será dun (1) ano desde a data de comunicación de finalización das obras.

Previamente ao inicio das obras deberase avisar a este Servizo desta circunstancia, a través do correo electrónico [autorizacions.cim.coruna@xunta.gal](mailto:autorizacions.cim.coruna@xunta.gal) e do servizo de vixilancia (Juan Carlos Abeledo 663 853 773, Francisco Golpe 620 536 477)

Esta autorización axustarase ao disposto pola Lei de estradas de Galicia e a seu regulamento, ademais do cumprimento das seguintes **condicións:**

#### **CONDICIÓNS PARTICULARES:**

1. As obras solicitadas no entorno do p.q. 1+480, marxe Esquerda, da estrada AC-122 consisten en: Pavimentación de viais municipais con afección a dominio público viario
2. As obras deberán estar rematadas no prazo de dezaioito (18) meses, que se empezará a contar a partir do día seguinte da notificación da resolución. No caso





- de non poder executalas no prazo establecido deberá solicitar unha prórroga con antelación suficiente á finalización do prazo establecido.
3. As actuacións executaranse respectando ao indicado nesta autorización. Así mesmo, seguirase o indicado na documentación achegada ao expediente pola persoa interesada. En caso de discrepancia, prevalecerá a autorización.
  4. Calquera outro tipo de obra ou actuación que se pretenda realizar no dominio público viario ou nas zonas de protección da estrada non comprendida nesta autorización, requirirá de autorización expresa desde Servizo.
  5. Finalizadas as obras, darase aviso a este servizo.
  6. Non se modificarán os entronques do vial coa estrada AC-122. De ser necesario, realizarse o fresado previo á pavimentación para non modificar a rasante. O pavimento empregado será de mestura bituminosa en quente, dende, a lo menos, 10 m antes da intersección entre o vial municipal e a estrada AC-122. Non se admite o uso de regos con grava, co obxecto de evitar a entrada de materiais soltos ás devanditas estradas.
  7. Obsérvase que na intersección do vial municipal coa estrada autonómica AC-122 non existe liña de detención. En consecuencia, será necesario o pintado da liña de detección (M 4.1) no pavimento no vial municipal, para ordenar o seu acceso á estrada AC-122 e garantir a seguridade das manobras. O sinal de STOP actual atópase deteriorado, recoméndase a súa substitución.
  8. Limparanse as cunetas do vial municipal a lo menos nos 10 m anteriores á intersección coa estrada AC-122.
  9. Adoptaranse as medidas necesaria para que a execución das obras non prexudique a drenaxe da estrada AC-122, tanto superficial como profunda. Deberá impedirse a entrada de auga no firme da mesma. Deberá garantirse a continuidade da rede existente. No caso de que a rede de drenaxe se vexa afectada, deberá ser reposta ao seu estado orixinal.
  10. En caso de afectar á sinalización viaria, vertical ou horizontal, da estrada AC-122, repoñerase nas súas condicións orixinais. Seguiranse as prescricións das instrucións 8.1 IC e 8.2 IC.
  11. A execución dos traballos non afectará á estabilidade da estrada.
  12. Non se poderán verter á calzada, beiravía, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas das choivas ou calquera outro produto ou material procedente da construción.





13. Será por conta do peticionario a boa conservación e limpeza permanente da obra, debendo retirar á súa terminación todos os materiais sobrantes e cascallos do dominio público e das zonas de protección da estrada
14. Durante a execución dos traballos non se ocupará o dominio público da estrada con maquinaria, materiais ou produtos procedentes das obras por máis tempo do estritamente necesario para a execución dos traballos. En ningún caso se ocupará a calzada nin a beiravía para o almacenamento destes elementos.
15. As obras non afectarán á estrada, aos seus elementos funcionais, aos elementos de drenaxe nin á sinalización.
16. No suposto que sexa necesario ocupar temporalmente a calzada derivado da imposibilidade de acometer as obras doutro xeito, e, considerando que, as actuacións a executar corresponden a redes e infraestruturas de servizos públicos, AUTORIZÁSE á ocupación temporal dun carril, de forma alternativa, unicamente para proceder a realizar as obras, e cumprindo estritamente as condicións desta autorización.
  - A ocupación realizarase UNICAMENTE en días hábiles e durante as horas e días efectivos de traballo, colocando a sinalización por obra correspondente e dando paso alternativo ó tráfico da estrada regulado mediante semáforos ou presenza dun sinalista.
  - A ocupación do carril será ALTERNATIVA, en ningún momento autorízase a cortar ao tráfico de vehículos en ambos sentidos de circulación da estrada. Unicamente poderá afectarse un carril da estrada.
  - A sinalización de obra permanecerá o tempo estritamente necesario e, cada día, recollerase e trasladará inmediatamente despois de que se interrompa a actividade o obxecto de non confundir ós usuarios da vía.
  - Será preciso habilitar o necesario tránsito de persoas por outras zonas seguras.
  - Deberase ter en conta o transporte escolar para o establecemento das restricións de carril.

Neste suposto o solicitante deberá obter previamente a preceptiva AUTORIZACIÓN da Xefatura Provincial de Tráfico para realizar os cortes e desvíos do tráfico na execución das obras, segundo o recollido no artigo 37 do Regulamento Xeral de Circulación (RD 1428/2003), que xunto co artigo 39 regulan a ordenación especial de tráfico por razóns de seguridade e fluidez e a limitación deste.





## CONDICIÓNS XERAIS:

1. A autorización outórgase a reserva das demais licenzas e autorizacións necesarias, sen prexuízo de terceiros e deixando a salvo os dereitos preexistentes sobre os terreos ou bens. Non suporá en ningún caso a cesión do dominio público, nin a asunción pola administración titular de ningunha responsabilidade respecto da persoa titular da autorización ou de terceiros.

A administración titular da estrada poderá, en calquera momento, modificar ou suspender temporal ou definitivamente a autorización cando a actuación produza danos no dominio público viario, por incumprimento das condicións da autorización, por poñer en risco a seguridade viaria ou cando se alteren os supostos determinantes do seu outorgamento ou cando resulte incompatible con normas aprobadas con posterioridade.

2. Esta autorización entenderase outorgada a **precario** na parte na que afecte á zona de dominio público.

As autorizacións outorgadas para a realización de obras, instalacións ou actividades na zona de dominio público poderán ser revogadas unilateralmente polo órgano que as outorgou en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización, cando sexa necesario por motivo de calquera obra que vaia realizar na estrada a administración titular desta, e quedará obrigada a persoa solicitante a retirar á súa conta os elementos instalados.

As autorizacións outorgadas para a realización de obras, instalacións ou actividades na zona de dominio público exclúen o aboamento á persoa interesada de calquera indemnización por razón dos danos e perdas ocasionados pola explotación e polo uso da estrada, incluídos os causados polo tráfico ou por calquera obra realizada na estrada pola administración titular desta, incluídas as de conservación. Nese caso, a reposición das obras e elementos amparados pola autorización será por conta da persoa interesada.

3. A autorización producirá efectos mentres permaneza o obxecto determinante do seu outorgamento e será transmisíble previa notificación do cambio de titularidade a este servizo.
4. Se para a execución das obras, instalacións ou actividades fose necesario construír un acceso á estrada, deberá solicitarse previamente a preceptiva autorización de acceso neste servizo provincial.

Así mesmo, calquera outro tipo de obras que se pretenda realizar dentro da zona de afección da estrada, aínda que sexan complementarias da solicitada,





como peches, canalizacións ou cruces subterráneos, acometidas, etc., que non comprenda a presente autorización, requirirán autorización expresa deste servizo.

5. Durante o tempo no que se manteñan as obras, deberanse tomar as precaucións necesarias para garantir a seguridade da circulación no treito afectado, colocando a sinalización e o balizamento regulamentario segundo a **Instrución 8.3-IC** sobre Sinalización, balizamento, defensa, limpeza e terminación de obras fixas fora de poboado, o Código de circulación, o Manual de exemplos de sinalización de obras fixas do Ministerio de Fomento e outras disposicións vixentes, sendo o petionario o responsable dos accidentes a que puidera dar lugar a insuficiente sinalización ou o mal estado de conservación ou colocación desta, debendo retirala tan pronto como se rematen as obras retire a instalación.
6. No caso de necesitar realizar cortes e desvíos do tráfico na execución das obras o solicitante deberá obter previamente a preceptiva **AUTORIZACIÓN da xefatura provincial de Tráfico**, segundo o recollido no artigo 37 do Regulamento Xeral de Circulación (RD 1428/2003), que xunto co artigo 39 regulan a ordenación especial de tráfico por razóns de seguridade e fluidez e a limitación deste.
7. As obras, instalacións ou actividades executaranse segundo a documentación presentada no expediente, no seu caso, e segundo as condicións impostas na autorización, sen interromper nin dificultar, agás casos excepcionalmente autorizados, a circulación pola estrada e garantindo, en todo caso, a seguridade viaria.
8. **Non se poderán iniciar as obras sen que se teña depositada a garantía definida nas condicións particulares, de se-lo caso.**

A persoa interesada porase en contacto co persoal deste servizo cunha antelación mínima de sete (7) días da data que prevexa para o inicio da obra e comunicará a identificación da persoa a que teña encomendada a dirección da actuación, cando non coincida coa persoa titular da autorización.

9. Con carácter previo ao inicio das obras deberá constituír una **garantía definida nas condicións particulares** na Caixa do Departamento Territorial da Consellería de Facenda a favor deste Servizo provincial e presentar neste servizo o correspondente resgardo.

A garantía manterase durante o prazo **dun (1) ano** dende a data desde a data de comunicación de finalización das obras.





Transcorrido este prazo dende a finalización das obras, poderá vostede solicitar a devolución desta a este servizo provincial.

A súa devolución farase efectiva unha vez comprobado que as obras realizadas se axustaron ás condicións indicadas na resolución da autorización, así como a non existencia de danos ou perdas ao dominio público viario ou aos seus elementos. No suposto de que as persoas interesadas ocasionasen danos ou perdas ao dominio público viario, a Administración titular da estrada incautará a garantía na contía equivalente a ditos danos e perdas.

10. As obras, instalacións ou actividades autorizadas executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal deste servizo provincial cumprindo todas as condicións de garantía e seguridade establecidas polas disposicións vixentes e, ademais destas, o peticionario aceptará as especiais que se poidan impoñer para a seguridade da estrada e do tráfico.
11. O titular da autorización será responsable de todos os danos e prexuízos ocasionados á estrada, á súa zona de influencia, a terceiros ou na súa propia actividade con motivo da realización da obra, actuación ou instalación autorizada, quedando obrigado a repoñer, ao seu cargo, os elementos da estrada que resulten afectados pola execución das devanditas actuacións, restituíndoos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.
12. Durante a execución das obras:
  - Será de conta do peticionario a boa conservación e limpeza permanente da obra, debendo retirar ó seu remate tódolos materiais sobrantes.
  - Non se autoriza a ocupación do dominio público para o almacenamento de materiais. Os residuos xerados nas obras serán xestionados adecuadamente, sen deixar ningún resto na zona de afección da estrada, nin na zona de dominio público.
  - Non se poderán verter á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas das choivas, de escorregas ou arrastres ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada.
  - Adoptaranse as medidas oportunas para que, ao executar as obras, non se prexudique o bo drenaxe da estrada e das súas obras de fábrica.
13. O interesado comunicará a este servizo provincial, cunha antelación mínima de sete (7) días, a data que prevexa para o remate da devandita actuación.





14. O titular da autorización será responsable das operacións de conservación e mantemento requiridas pola obra, actuación ou instalación obxecto de autorización e que sexan necesarias para garantir a salubridade, accesibilidade, seguridade e funcionalidade menoscabadas como consecuencia do uso destas.
15. O incumprimento das condicións descritas nesta autorización dará lugar ás responsabilidades que se recollen nos Títulos IV e V da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, e no Regulamento xeral de estradas de Galicia, sobre protección do dominio publico viario e o réxime sancionador.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante o director da Axencia Galega de Infraestruturas no prazo de un (1) mes, que se contará desde o día seguinte ao da recepción da súa notificación, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Mediante este documento notifícaselle esta resolución segundo o esixido no artigo 40.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Coruña, O xefe do servizo provincial Felipe De la Vega Gándaras (Sinatura dixital)

